



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO

9 DE FEBREIRO DE 2022

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinde horas do mércores 9 de febreiro de 2022** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 4-02-2022*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno extraordinario (

A celebración do pleno adopta a modalidade de "semitelemático" según Decreto de Alcaldía de data 4 de febreiro de 2022, coa presenza única no Salón de Plenos da Corporación dos/as sres/as voceiros/as e un/a concelleiros máis por cada grupo con representación municipal, ademais do Sr.alcalde-presidente, Interventor e Secretario:

Partido Popular (PP)
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro (<i>telemáticamente</i>)
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral(<i>telemáticamente</i>)
5.-Ana Isabel Barreiro Rego. (<i>telemáticamente</i>)
6.-Victor Reiriz Lampón(<i>telemáticamente</i>)
7.-Juana María Brión Santamaría(<i>telemáticamente</i>)
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos(<i>telemáticamente</i>)
Partido Barbanza Independiente (PBBi)
1.-Vicente Mariño de Brício
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro (<i>telemáticamente</i>)
4.-Emilio Andrés González Regueira. (<i>telemáticamente</i>)
5.-Gerardo Pardavila Fernández. (<i>telemáticamente</i>)
6.-Asier Casais Álvarez(<i>telemáticamente</i>)
7.-Tania Redondo Fernández(<i>telemáticamente</i>)
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

2.-Luis Antonio Pérez Barral
Suma Ribeira (SR)
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Asiste asemade, en calidade de **asesor informático**, **D. Ramón Martínez Becerra**.

Ábrese a sesión polo **Sr. alcalde-presidente** procédese a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 31 DE XANEIRO DE 2022

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **31 de xaneiro de 2022**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro**, polo que se aproba o **Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **31 de xaneiro de 2022**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** di que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **31 de xaneiro de 2022**.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 4 de febreiro de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía da mesma data e que é do seguinte sentido literal:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	0,00

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orçamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
CUBERTA E RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE A CAPELA E MELLORA DO DE PARTE AO RIO (CARREIRA)	179.566,21	0,00	0,00	0,00	179.566,21
MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRAIA DA RIBEIRA (AGUIÑO)	86.270,85	0,00	0,00	0,00	86.270,85
AMPLIACIÓN DE PISTAS DEPORTIVAS EN SAAMIL (CORRUBEDO)	116.339,66	0,00	0,00	0,00	116.339,66
Subtotal investimentos achega provincial 2022	382.176,72	0,00	0,00	0,00	382.176,72

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostíbeis)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orçamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

RENOVACIÓN DA LÍÑA DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NO LUGAR DE A AMELIXIDA (CASTIÑEIRAS)	88.948,58	0,00	18.679,20	18.679,20	107.627,78
RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA DA CAMBRA (PALMEIRA)	82.069,87	0,00	0,00	0,00	82.069,87
MELLORA DA ACCESIBILIDADE NAS BEIRARRÚAS E SANEAMENTO EN GÁNDARA (OLEIROS)	100.968,23	0,00	0,00	0,00	100.968,23
PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)	86.379,87	0,00	0,00	0,00	86.379,87
PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN RÚA MONUMENTO (RIBEIRA)	48.187,79	0,00	0,00	0,00	48.187,79
CONSTRUCCIÓN DE NOVO PARQUE INFANTIL EN ARTES	114.838,37	0,00	0,00	0,00	114.838,37
Subtotal investimentos achega provincial 2021	521.392,71	0,00	18.679,20	18.679,20	540.071,91

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

• Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
BANCO SABADEL	28.663,25
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	28.663,25

• Resumo:

		Concello	
POS+ 2022 RESUMO DE		IVE	





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	0,00				0,00
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00				0,00
B- INCREMENTOS	Achega 2022	382.176,72	0,00	0,00	0,00	382.176,72
	Achega 2021	521.392,71	0,00	18.679,20	18.679,20	540.071,91
C- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2022	28.663,25				28.663,25
	Achega 2022	382.176,72	0,00	0,00	0,00	382.176,72
	Achega 2021	521.392,71	0,00	18.679,20	18.679,20	540.071,91
	Préstamo 2022	28.663,25				28.663,25
	TOTAL	932.232,68	0,00	18.679,20	18.679,20	950.911,88

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os incrementos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos incrementos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
CONSTRUCCIÓN DE GRADA CUBERTA NO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE A FIEITEIRA	247.483,34		
PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO NA PROLONGACIÓN DA RÚA	67.515,76		





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DO COLEXIO (CORRUBEDO)			
MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN RÚA CARREIRO (AGUIÑO)	48.311,29		
MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN RÚA LUIS SEOANE (AGUIÑO)	103.641,42		
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA PADRE FEJOO E RÚA ARZOBISPO XELMIREZ (RIBEIRA)	91.310,84		
RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE "HORTA DO CURA" E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)	139.480,55		
BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNANDEZ BERMUDEZ (RIBEIRA)	166.171,36		
TOTAIS	863.914,56		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás as necesarias para a realización das obras dos seguintes proxectos:

- **Proxecto:** "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRAIA DA RIBEIRA (AGUIÑO)", para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** "RENOVACIÓN DA LIÑA DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NO LUGAR DE A AMELIXIDA (CASTIÑEIRAS)", para o que é necesario solicitar as correspondentes autorizacións á Deputación Provincial da Coruña e a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** "MELLORA DA ACCESIBILIDADE NAS BEIRARRÚAS E SANEAMENTO EN GÁNDARA (OLEIROS)", para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** "MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN RÚA LUIS SEOANE (AGUIÑO)", para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- **Proxecto:** "BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNANDEZ BERMUDEZ (RIBEIRA)", para o que é necesario solicitar a correspondente autorización á Deputación Provincial da Coruña.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 4 de febreiro de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

3.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 4 de febreiro de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía da mesma data e que é do seguinte sentido literal:

PROPOSTA-DICTAME COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE.

ASUNTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL /2022	133.761,85 €
---	--------------

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	133.761,85€
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS O PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.			
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	905.000,00€	684.096,46€	220.903,54€





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

<i>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i>			
<i>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</i>			
<i>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</i>			
<i>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</i>			
<i>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i>			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	905.000,00€	684.096,46€	220.903,54€
<i>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i> <i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i>			
<i>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</i> <i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a</i>			





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

efectos orzamentarios.			
SUBTOTAL GASTOS INVERSIÓN	0,00€	0,00€	0,00€
T O T A L	905.000,00€	684.096,46€	220.903,54€
2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. "			

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 4 de febreiro de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓN: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

4.-SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA REMATE DAS OBRAS “CENTRO SOCIAL DE CARREIRA”. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 4 de febreiro de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía da mesma data e que é do seguinte sentido literal:

“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

O proxecto da obra para Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira foi unha das actuacións incluídas no Plan de Acción Social da Excm. Deputación da Coruña.

Dito proxecto, é un investimento dedicado ao remate do novo Centro Multiusos de Carreira, sendo este edificio unha infraestrutura moi agardada polos veciños desta parroquia co fin de dispor dunha instalación adecuada na que participar ou promover actividades de índole social e cultural.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 13/09/2019 adoptou o acordo de "Aprobación do proxecto modificado da obra "Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira" polo importe de **295.580,58 euros**.

Visto o expediente de contratación, resultou adxudicataria a empresa "Degalle Construcciones, S.A."

Polo tanto, sendo consciente a Excm. Deputación da Coruña das circunstancias acaecidas no desenvolvemento do remate desta actuación, e a vista do informe da dirección facultativa, considérase necesario por en marcha un mecanismo de financiamento que abrangue todo o período de execución de dito proxecto.

En base ao anteriormente exposto, **PROPOÑO** a adopción dos seguintes acordos ao Pleno da Corporación:

Primeiro: SOLICITAR á Excm. Deputación Provincial da Coruña una subvención nominativa polo importe de **213.101,22€**, equivalente ao **72,10%** do orzamento de licitación.

Segundo.- Aprobación o interese público de carácter cultural e social do proxecto de Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira.

Terceiro.- Aprobación o compromiso da Corporación de asumir o restante coeficiente de financiamento do orzamento de licitación, equivalente ao 27,90% e ascendo a 82.479,36 euros, con cargo aos fondos propios do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en nome e representación do Concello de Ribeira."

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 4 de febreiro de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoc, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobalos** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA REMATE DAS OBRAS "CENTRO SOCIAL DE CARREIRA"**, e en consecuencia aproba:

Primeiro: SOLICITAR á Excm. Deputación Provincial da Coruña una subvención nominativa polo importe de **213.101,22€**, equivalente ao **72,10%** do orzamento de licitación.

Segundo.- Aprobación o interese público de carácter cultural e social do proxecto de Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira.

Terceiro.- Aprobación o compromiso da Corporación de asumir o restante coeficiente de financiamento do orzamento de licitación, equivalente ao 27,90% e ascendo a 82.479,36 euros, con cargo aos fondos propios do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en nome e representación do Concello de Ribeira."





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as **21 horas e 32 minutos** do día **9 de febreiro de 2022** o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/02/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/02/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/02/2022 12:19:09

DOCUMENTO: 20220821108

Fecha: 10/02/2022
Hora: 12:19

